



Concello de Redondela

Sesión ordinaria celebrada polo Pleno do Concello o día 28 de xaneiro de 2016

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión extraordinaria núm. 1 de 12/01/2016.
2. Dar conta da aprobación pola Xunta de Goberno Local do Orzamento Xeral do Concello de Redondela para o ano 2016.
3. Dar conta acordo conxunto nomeamento representante vocal Consello e Navegación e Porto de Vigo.
4. Proposta nomeamento representantes dos grupos municipais no Consello de Administración de Radio Redondela.
5. Proposta sobre horario das sesións do pleno do Concello.
6. Aprobación inicial da Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Redondela.
7. Aprobación inicial da nova Ordenanza de Prevención de situacións de exclusión social do Concello de Redondela.
8. Aprobación da rectificación-actualización do inventario municipal de bens (IBM).
9. Actividades de control do pleno.
 - 9.1 Dar conta das resolucións de alcaldía de datas 16/12/2015 a 15/01/2016
 - 9.2 Solicitudes de comparecencia.
 - 9.3 Mocións
 - 9.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 25 de xaneiro de 2016 , e sendo as vinte horas do 28 de xaneiro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera , actuando como secretaria , a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil .

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

A sesión suspendeuse durante 15 minutos ás 21,55 horas para facer un descanso.

1. Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión nº 1 do do 12 de xaneiro de 2016

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de carácter ordinario número 1 de data 12 de xaneiro de 2016.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 concelleira non adscrita).

2. Dar conta da aprobación pola Xunta de Goberno Local do Orzamento Xeral do Concello de Redondela para o ano 2016.

Dáse conta da aprobación pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 30.12.2016, do orzamento xeral do Concello de Redondela para o ano 2016, en virtude do previsto na disposición adicional decimosesta da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local coa modificación operada pola Lei 27/2103 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local .

A corporación queda informada.

3. Dar conta do acordo conxunto de nomeamento do representante-vocal no Consello e Navegación e Porto de Vigo.

Dáse conta do acordo asinado polos representantes dos Concellos de Moaña, Vilaboa, Cangas do Morrazo e Redondela o día 29/12/2015 sobre a representación rotatoria, con carácter anual dun vocal no Consello de Navegación e Porto de Vigo.

O alcalde sinala que o alcalde do Concello de Cangas do Morrazo comunicoulle esta mañán que había un cambio respecto do referido acordo, que non afecta ao Concello de Redondela, quedando finalmente a rolda de nomeamento do seguinte xeito:

Ano 2016 representante designado polo Concello de Cangas

Ano 2017: representante designado polo Concello de Redondela

Ano 2018: representante designado polo Concello de Vilaboa

Ano 2019: representante designado polo Concello de Moaña

O acordo da designación anual seralle comunicada a Autoridade Portuaria a comezos de cada ano.

A corporación queda enterada.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

4. Proposta de nomeamento de representantes dos grupos municipais no Consello de Administración de Radio Redondela.

ANTECEDENTES

Proposta da alcaldía de data 25/01/2016 que di:

“Ao abeiro do previsto no artigo 13 dos Estatutos sociais de Radio Redondela, sociedade de responsabilidade limitada, o órgano de dirección, xestión e execución permanente da Sociedade será o Consello de Administración composto por nove vocais concelleiros, dos que non máis de tres serán concelleiros, presididos polo Alcalde-Presidente do Concello ou persoa en quen delegue poderá o Consello nomear un Vicepresidente, designación que deberá recaer necesariamente nun concelleiro que compoña o mesmo.

Xa que logo teño a ben propor que polo pleno do Concello, en funcións de Xunta Xeral da sociedade proceda a establecer as seguintes designacións:

Os tres concelleiros/as que se integrarán no Consello de Administración, xunto co Alcalde, serán un/ha representante nomeado/a polo grupo socialista, outro/a pola Agrupación de Electores de Redondela e outro/a, de xeito rotatorio e pola metade do mandato por parte do BNG e RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA, concelleira non adscrita. A designación dos/as dous/dúas primeiros/as realizarase polo seus respectivos grupos mediante escrito no prazo de cinco días a partir da adopción deste acordo”

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 concelleira non adscrita).

5. Proposta sobre o horario das sesións do pleno do Concello.

ANTECEDENTES

Proposta da alcaldía de data 25/01/2016 que di:

“Na sesión do pasado 30 de xuño de 2015 e ao abeiro do artigo 46.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 17 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela polo pleno do Concello adoptouse o correspondente acordo en relación ao horario das sesións ordinarias do mesmo.

Sen embargo e trala reconsideración do asunto por parte dos distintos voceiros dos grupos presentes na corporación e por problemas de conciliación persoal, laboral e familiar, postos de manifesto pola longa duración das citadas sesións propónse establecer que as sesións ordinarias do pleno da Corporación se celebren o último xoves de cada mes, ás 16,00 horas fixando un máximo de duración de catro horas.

No caso de que coincida en festivo a sesión celebrarase no día e hora que a eses efectos se acorde previamente coa xunta de voceiros.”

INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que está de acordo coa proposta.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai seis meses no pleno de organización aprobouse o réxime das sesións ordinarias. Non ten claros os motivos desta proposta xa que dende o punto de vista da posible asistencia dos veciños e veciñas é máis doado o horario fixado, ás 8 da tarde. Parécelle que o máis democrático é manter o horario actual.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que de cambiar o horario estarían de acordo co que as sesións empezaran ás 6 da tarde e remataran ás 10. Non están de acordo coa proposta.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que debe manterse o horario actual e critica a proposta porque se basea na longa duración das sesións. Non entenden o cambio de criterio con respecto ao horario dos plenos e salienta que en anteriores mandatos os plenos remataban antes porque o PP non facía labor de oposición.

O alcalde sinala que como non existe acordo con respecto ao tema van a retirar a proposta.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que falan de conciliación sobre todo con respecto ao persoal do Concello que ten que asistir ás sesións e indica que nos anteriores gobernos do PSOE e o BNG decidiron limitar as preguntas e facían os plenos extraordinarios a primeira hora da mañá e soamente había un grupo na oposición e agora hai catro e había moita diferenza. Tampouco facían os plenos no Multiusos nin se gravaban para que a xente poida velo por internet.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que isto é un exemplo de cómo actúa o Partido Popular e invítalles a facer unha modificación do regulamento orgánico do Concello. Indica que o pleno do 2 de xullo no que se aprobaron os soldos foi a unha da tarde.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que na xunta de voceiros non se acadou un acordo concreto e sinala que foi a corporación a que acordou que os plenos se fixeran aquí a pesares de que no anterior mandato dicían que non se podía.

O concelleiro REGUERA OCAMPO rexeita as afirmacións da voceira do PP con respecto aos mandatos anteriores e que a pesares disto o regulamento siga igual que antes. Di que hai moitas parroquias en Redondela nas que non se pode ver o pleno por internet.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que tiveron que facer unha proposta para o pleno pero non tiñan claro que o grupo de AER non estaba a favor, senón non a traerían.

VOTACIÓN E ACORDO

o alcalde retira a proposta.

6. Aprobación inicial da Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Redondela.

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Interior, da súa xuntanza de data 22/01/2016 que se transcribe e continuación:

“Vista a Proposta do Presidente da Comisión, que transcrita di:



Concello de Redondela

“Vista a Ordenanza reguladora da administración electrónica no Concello de Redondela, que ten por obxecto a implantación da administración electrónica, mediante o impulso da utilización dos medios e canles electrónicas no desenvolvemento da actividade administrativa, tanto para a súa relación coa cidadanía coma coas restantes administracións públicas, de conformidade coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, facendo efectivo o dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración por medios electrónicos para acceder aos servizos públicos e para a tramitación dos procedementos administrativos. A devandita Ordenanza consta de 34 artigos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral do Concello con data 20.01.2016.

O Presidente da Comisión ten a ben propoñer a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da administración electrónica no Concello de Redondela.

Segundo.- Sometela ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, aparte de que proceda na páxina web do Concello, por un prazo mínimo de trinta días, coa finalidade de que os/as interesados/as poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións en relación con esta aprobación inicial, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo estenderse certificación pola Secretaría Xeral do Concello que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial”.

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes (Grupo Municipal do PP, do PsdeG-PSOE, de A.E.R., e concelleira non adscrita), ditaminou favorablemente a Proposta da Presidencia Transcrita.”

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 concelleira non adscrita).

7. Aprobación inicial da nova Ordenanza de Prevención de situacións de exclusión social do Concello de Redondela.

Os/as concelleiros/as presentes acordan retirar o asunto para poder estudalo mais polo miúdo aos efectos da súa aprobación no próximo pleno ordinario.

8. Aprobación definitiva da rectificación-actualización do inventario municipal de bens (IBM).

ANTECEDENTES

Visto o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio da

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

súa xuntanza de 22/01/2016 que di:

“Polo pleno do Concello, na súa sesión do 02.09.2015 adoptouse acordo de aprobación inicial da rectificación-actualización do Inventario municipal de Bens do Concello de Redondela de acordo cos traballos realizados pola entidade “LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, SL”.

Os correspondentes anuncios de información pública apareceron no boletín oficial da provincia nº 194 do 07.10.2015, no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello formulándose soamente unha alegación por parte de Margarita Santamaría Mosquera.

En relación á dita alegación foi emitido informe polo letrado do Concello que indica o seguinte:

A).- ANTECEDENTES

1º. Con data 27 de xullo de 2015, Dona Margarita Santamaría Mosquera presentou no Xulgado de Primeira Instancia Dous de Redondela, escrito de demanda que se tramita como Procedemento Ordinario Núm. 318/2015, no que no Suplico solicitaba a condeada do Concello de Redondela a *“la rectificación del Inventario de Bienes Inmuebles en cuanto al tramo D-E de la denominada PISTA DO ESCREDO y que discurre sobre la propiedad de la reclamante”*.

2º.-Que dito Procedemento Ordinario atópase en trámite pendente de Sentenza xudicial

B).-SOBRE O FONDO

A solicitude feita de pretensión de rectificación do IBM coincide coa pretensión xudicial do Procedemento Ordinario Núm. 318/2015 do Xulgado de Primeira Instancia Dous de Redondela, polo que en tanto en canto non se dicte Setenza firme polo Órgano Xudicial, non procede resolver esta solicitude, por tratarse dunha cuestión “sub iúdice”.

Vistos os artigos 17 a 35 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aprobou o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB).

Considerando que pola arquitecta técnica municipal e ao obxecto de que o documento quede actualizado ao 31.12.2015 procede incorporar ao aprobado inicialmente as seguintes modificacións:

1. A baixa no IMB de parte do camiño identificado como “camiño núm. 5” segundo o acordado no punto número 10 do acta 18/2013, de sesión ordinaria celebrada polo Pleno do Concello o día 05.11.2013 co seguinte tenor literal: Proceder a dar de baixa no Inventario Municipal de Bens, o camiño sito en S. Pedro-Cesantes, á vista da sentenza recaída no Procedemento ordinario 253/2012, do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, polo que se estima o recurso interposto por D. Daniel Lago Couñago, con intervención de D.^a Rosa Vilarchán Soto, D. Florencia Míguez Castro e D.^a Celia Garrido Míguez, contra o acordo do Pleno do Concello de data 31/05/2012 no que se desestima o recurso de reposición interposto contra a resolución de 26/04/2012 de rexeitamento de rectificación do Inventario de Bens Inmuebles municipal en relación a dito camiño .

2. Incorporar ao IMB as fincas coas seguintes referencias catastrais: 3119809 NG 3831N 0001 KD e 3119892 NG 3831N 0001 HD incluídas na escritura de cesión da finca do Pazo Pousadouro.



Concello de Redondela

3. Incorporar ao IMB o novo Pavillón Polideportivo de Cesantes.

4. Incorporar ao IMB as novas escrituras de cesións urbanísticas: nº 508 do 05.03.2015; nº 527 do 15.05.2015; nº 766 do 15.07.2015 nº 934 do 28.08.2015; nº 954 do 03.09.2015 ; nº 955 do 03.09.2015; nº 952 do 15.09.2015; nº 1.033 do 07.10.2015 ; nº 1.180 do 24.11.2015.

5. Rectificar o IMB con respecto á parte do camiño das Chachinas, de acordo co informe do arquitecto municipal do 13.07.2015.

6. Rectificar o IMB consonte co acordo plenario do 30.07.2015 relativo ao nº de orde 1.169 e nº grupo do inventario 749 retirando o tramo do camiño en cuestión.

7. Rectificar o IMB de acordo co informado polo arquitecto municipal o 30.07.2015 en relación ás obras de ampliación da AP9.

8. Incorporar ao IMB a concesión demanial sobre 319 m² do Pavillón Polideportivo de Chapela á Asociación Cultural e Social de Chapela para Escola de Música, formalizada o 14.08.2015.

10. Incorporar ao IMB a cesión en propiedade do vehículo 4789JJL para a policía local de conformidade co convenio de colaboración suscrito o 21.10.2015.

Considerando que ao abeiro do artigo 34 do RB o Pleno do Concello é o órgano competente para acorda-la aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación, propoño á Comisión Informativa que ditamine favorablemente para a súa consideración polo pleno da corporación, a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente a rectificación-actualización do Inventario de Bens do Concello de Redondela, coas modificacións que constan na presente proposta con respecto á documentación aportada pola entidade adxudicataria dos traballos que foi obxecto de aprobación inicial o 02.09.2015.

SEGUNDO. Rexeitar, polos motivos expostos no informe do letrado do Concello a pretensión de Margarita Santamaría Mosquera sobre o denominado camiño do Escredo, por atoparse pendente de resolución xudicial.

A vista do que, propónse ao Concello pleno prestar aprobación a proposta antedita.

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente ao voto ponderado, sendo 5 votos a favor (2 do PP, 1 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e unha abstención (PSOE), estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, é aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 concelleira non adscrita).

9. Actividades de control do pleno

9.1 Dar conta das resolucións de alcaldía de datas 16/12/2015 a 15/01/2016

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o 16/12/2015 a través do expediente

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela
177/2016 e do acceso ao libro de resolucións.

O concello pleno queda informado.

9.2 Solicitudes de comparencia

9.2.1 Comparencia do alcalde, solicitada por AER sobre a praza de inspector de policía

Por parte de AER solicítase a comparencia do alcalde o 18/01/2015, nos seguintes termos:

“O pasado 18 de setembro recibimos por parte do equipo do goberno do PP unha proposta para as bases dunhas vindeiras ofertas de emprego público no noso Concello. Unha destas ofertas de emprego público é para cubrir o posto de inspector de policía local.

Cando alcaldía nos facilitou as bases de contratación, sorprendeunos que a fórmula escollida para optar á praza de inspector de policía fora a de “mobilidade horizontal”, cando no resto é por promoción interna. Fórmula que dende AER rexeitamos e así o fixemos saber de forma oficial por rexistro.

Visto o informe da xuntanza entre os sindicatos e o alcalde, onde o alcalde defende que a praza sexa cuberta por mobilidade baseándose en que non hai uniformidade no mando da Policía Local dentro das persoas que poden aspirar a esas prazas por comisión interna, non véndoos con experiencia de mando nin sensibilidade e pide ter en conta a capacitación insistindo na mobilidade.

Á vista destas afirmacións do alcalde, pedimos por rexistro o 1 de decembro os informes do xefe da policía local ou mandos mencionados onde se acredite a “falta de uniformidade de opinión”, “inexperiencia de mando”, “falta de sensibilidade ou capacidade”.

A resposta do alcalde a este rexistro foi convocarnos a unha xuntanza onde nos explicou que ía cubrir a praza de inspector por “comisión de servizos”, ou sexa “a dedo”, e o escollido era un dos oficiais que poderían ser candidatos por promoción interna. Cubrindo tamén a praza que queda libre de oficial con esta fórmula.

Resulta curioso, cando menos, que a uns meses da data en que se van convocar estas ofertas de emprego público, o alcalde decida cubrir a praza de inspector por “comisión de servizos”. Ante esta situación, preguntámoslle ao alcalde se ía convocar a praza de inspector xunto coas demais, e por promoción interna; xa que fomos informados por secretaría que, se non se convoca a praza xunto coas demais, sería irregular convocala nun novo concurso.

Por todo o anterior, pedimos a comparencia do alcalde para que dea as explicacións necesarias sobre as decisións que tomou neste asunto.”

O alcalde sinala que o equipo de goberno ten intención dende o primeiro momento de convocar esta praza xa que informou aos grupos e aos sindicatos das bases correspondentes para abrir o debate sobre as mesmas aínda que considera que a decisión debe tomarse na comisión de procedementos selectivos. Pensa que non ten que mesturarse iso coa cobertura temporal da praza que é o que se fixo coa comisión



Concello de Redondela

de servizos, xa que son procesos distintos. A praza cubrirose definitivamente no prazo establecido legalmente e agora soamente se fixo unha solución provisional tal e como demandou a policía. Os criterios para a designación foron legais.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que non están en contra de ninguén da policía local e alégranse de que se convoque a praza. Sen embargo, parécenlle que os criterios utilizados foron dispares e arbitrarios para as dúas comisións de servizos, xa que nun caso se fixo por antigüidade e noutro en función dunha oposición anterior no que o seleccionado non aprobou.

O alcalde sinala que a comisión de servizos é transitoria e no caso do oficial había unha proba recente para a cobertura do posto e o nomeado sí aprobou aínda que sen praza. No caso do inspector non había un proceso previo e o regulamento da policía establece a antigüidade.

9.2.2 Comparecencia do alcalde solicitada polo BNG sobre a seguridade viaria na estrada dos Valos

Por parte do BNG, o 21/01/2016, solicítase a comparecencia do alcalde nos seguintes termos:

“A inicios do ano 2014 asinábase un convenio entre o Concello de Redondela e a Deputación de Pontevedra para levar a cabo a remodelación da estrada EP-2906 ao seu paso pola parroquia de Vilar. En dito convenio recollíase unha inversión de 1,2 millóns de euros, dos que 200.000 serían achegados polo Concello de Redondela.

Rematadas as obras de renovación da estrada, pódese comprobar como, lonxe de dar resposta tanto as demandas veciñais coma ao proxecto inicial, non se levou a cabo a mellora da parte da estrada.

Por todo isto, Xoán Carlos González Campo, en calidade de concelleiro do BNG e, ao abeiro do Regulamento orgánico do Concello de Redondela, segundo contempla o artigo 18, solicita a comparecencia ante o pleno da corporación do alcalde de Redondela, para que dea as pertinentes explicacións sobre as obras levadas a cabo pola Deputación provincial, na estrada provincial 2906 ao seu paso pola parroquia de Vilar.”

O alcalde sinala que era unha demanda dos veciños dende hai moito tempo e xogou un papel moi importante a asociación de veciños e o concelleiro que xa non está, Cándido Vilaboa, polo que se asinou un convenio coa Deputación no que o Concello achegaba 200.000 € para as redes de abastecemento e saneamento. Di que dita cifra alcanzouse e superouse. Indica que se modificou algo para deixar completo o primeiro tramo e logo rematar o resto porque son decisións técnicas e o Concello cumpriu co seu compromiso no que se foi da man dos veciños. Agarda que lle bote unha man para facer a segunda fase para a que hai que acadar financiamento da Deputación.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que pode haber modificacións pero mirando os planos ve que en determinados tramos non hai nada feito, o que está incidindo na seguridade viaria da zona. Indica que a estrada é da Deputación e o Concello achega pero o resultado é que aproximadamente un tercio da estrada está sen arranxar. Sinala que o propio concelleiro do que fala o alcalde saiu na prensa cuestionando a obra que se estaba a executar.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

O alcalde pregunta ao voceiro se foi alí recentemente, xa que antes estaba practicamente intransitable e agora mellorou moito con respecto a como estaba. Di que os proxectos hai que adaptalos ás circunstancias e considera que non ten nada que ver co que había, e espera que iso non supoña que non se vaia facer a segunda parte e que o concelleiro faga forza para conseguila. Indica que foron críticos coa empresa que fixo a obra e estiveron constantemente enriba da empresa. Queren que a estrada estea dotada de todas as medidas de seguridade viaria. Insiste en que lle axude indo da man para acadar a segunda fase.

9.2.3. Comparecencia do alcalde solicitada por AER sobre as obras da rúa Espírito Santo

Por parte de AER o 22/01/2015 solicítase a comparecencia do alcalde nos seguintes termos:

“Practicamente dende o inicio destas obras, a veciñanza da zona foi avisando dos defectos das mesmas e das consecuencias que ían ter. Defectos que dende esta Agrupación tamén se lle transmitiron mediante rexistros de entrada no Concello, no 10 e no 14 de agosto de 2015. No rexistro do 14 de agosto xa solicitabamos ao grupo de goberno que non se recepcionaran as obras da rúa Espírito Santo mentres non se axustaran ao proxecto construtivo e mentres non se solucionasen as numerosas demandas veciñais.

Ante as reiteradas protestas desta Agrupación, o pasado 18 de outubro o equipo de goberno convocou unha xunta de voceiros, onde estivo presente o director de obra. Nesta xuntanza, o representante de AER deu conta das numerosas demandas veciñais con respecto a dita obra. Indicoulle tamén ao director da obra que a inclinación das rúas en diversos tramos non é a reflectida no proxecto construtivo. Nesta xuntanza, o director de obra comprometeuse a solucionar as diversas demandas. Tamén volvemos esixir que non se recepcionaran as obras.

Pasado case un mes dende esta xuntanza, atopámonos con que o único que se fixo foi recortar unha pedra que provocaba picadas nas rodas dos automóviles. Por este motivo e despois de saber que as obras estaban a punto de recepcionarse, o 12 de novembro pasado volvemos solicitar por escrito que non se recepcionaran as obras. Tamén solicitamos unha nova xuntanza co director da obra para que nos aclare as datas en que se van a levar a cabo as reformas comprometidas. Ao día seguinte tivemos resposta por escrito do alcalde, onde se comprometía a non recibir estas obras, pero dunha nova xuntanza co director de obra non dixo nada.

O 3 de decembro a veciñanza infórmanos de que a empresa acudira facer reformas, pero que só tiñan ordes de endereitar uns chanzos e pouco máis.

E así chegamos ao 9 de xaneiro, cando nos chaman para informarnos que se estaban a inundar dúas casas; información que lle transmitimos inmediatamente ao alcalde para que tomara medidas de urxencia. As medidas foron colocar sacos de sal e sepiolita.

O 12 de xaneiro tivemos unha xuntanza con varios veciños e veciñas da zona, e concluímos entre todos que o mellor era pedir unha xuntanza co alcalde para transmitirille os problemas e levalo a velos in situ; xuntanza á que acudimos por petición da veciñanza. Nesta xuntanza, que foi o 14 de xaneiro, o xefe de obra comprometeuse a traer un topógrafo para estudar os niveis das rúas e buscar unha



Concello de Redondela

solución ao problema da recollida de pluviais; solución que se lle presentará á veciñanza antes de levala a cabo.

Por todo o exposto anteriormente, pedimos a comparecencia do alcalde para que nos explique os avances feitos nestas obras ata a data.”

O alcalde sinala que esta era unha obra moi necesaria porque a zona estaba abandonada e decidiron melloralala pero aparte da decisión política tamén hai unha parte técnica. Di que trataban de solventar o tema do saneamento e recollida de augas pluviais pero isto último non se fixo ben. Sinala que é un problema técnico que teñen que resolver os técnicos e que foron alí moitísimas veces, cando lles chamaron os veciños e cando o consideraron necesario. Rexeitáronse as certificacións e a obra está sen recibir. Di que o director de obra e a empresa van presentar algunhas solucións para resolver o problema e agora se está nesa fase.

O concelleiro CRESPO ABAL di que polo que ve non hai prazos e eles xa dixeran en agosto que non se podía recibir a obra. Refírese a noticias e declaracións públicas contraditorias con respecto a isto. Esperan que se solucione o problema.

O alcalde sinala que xa antes de outubro houbo xestións con respecto á obra e que houbo outros procesos intermedios nos que participou activamente o señor González. Indica que a obra ten tramos complicados e parece que as caídas están mal feitas, cousa que se detectou e terán que solucionar antes de liquidala. Sinala que ás veces contrátanse externamente directores de obra pola imposibilidade de que os técnicos municipais atendan a todas.

9.3 Mocións

9.3.1 Moción da cofraría de pescadores de San Juan sobre a importancia do sector do mar de Galicia na economía local

ANTECEDENTES

Da lectura á moción o patrón maior da cofraría de Redondela que di:

O sector do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xenera: mariscadores/as a pé, bateeiros/as, mariñeiros/as, mariscadores/as a flote, etc. Constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Con empregos estables, tamén en épocas de crise, porque están menos expostos ao ciclo económico (ao contrario do que acontece noutras actividades). O sector do mar representa o 4% da produción total da economía galega e da traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.

Tamén é un sector estratéxico na economía local polo emprego que induce en diversas actividades en terra:

- Empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradores de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores)
- Empresas provedoras de servizos e subministros (estaleiros, cordelerías, carpintería, montaxes e maquinaria)

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

- Actividades auxiliares e de apoio como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño.

Á importancia económica do sector do mar únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, o que o converte nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza na contorna local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, ten unha enorme contribución cualitativa, dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, a un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico: o turismo.

O turismo en Galicia está baseado en tres piares: a catedral compostelá, a etnografía/paisaxe e a gastronomía.

Así pois, a fortaleza do sector do mar de Galicia está tamén na paisaxe que as actividades do mar deseñan nas rías: as bateas, as embarcacións de pesca e o marisqueo aos que os consumidores outorgan alta estima e prestixio, pois forman parte da excelsa gastronomía de Galicia.

Ninguén dubida de que todos os negocios, grandes e pequenos, vencellados á actividade turística, directa ou indirectamente, deben boa parte da súa actividade económica ao sector do mar de Galicia.

Sobre o Anteproxecto de Lei de acuicultura de Galicia:

O pasado 1 de outubro, o Consello da xunta iniciou a tramitación do Anteproxecto de Lei de acuicultura de Galicia sen un diálogo previo cos sectores produtivos do mar. Saíu a exposición pública no diario oficial de Galicia (DOG) do 19 de outubro por prazo dun mes e, posteriormente, ese prazo ampliouse ata o 15 de decembro de 2015 polas protestas orixinadas.

Primeiro foi elaborada a ESGA (Estratexia Galega de Acuicultura) que, segundo a propia definición, é un documento de estratexia e orientación política. Agora este Anteproxecto de Lei de Acuicultura incorpóraa e dálle rango normativo de obrigado cumprimento.

Entre outros elementos, o Anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla:

- O Plan de Ordenación da Acuicultura Litoral en Terra, que establece:
 - Que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura intensiva
 - O privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos
 - A imposibilidade de que os Concellos poidan decidir sobre a implantación de ditas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal
- O Plan de Ordenación de Cultivos Mariños, que establecerá para cada zona das Rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar

De se aprobar como Lei, consolida un trámite legislativo fraudulenta e un engano á

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

ciudadanía, aos administrados e tería como principais prexudicados a toda a xente do mar.

Ás autorizacións e marisqueo que pasen a ser acuicultura outorgaráselles unha concesión temporal e, coma o resto das concesións, quedan obrigadas a producir uns rendementos mínimos, haber´na de pagar os canons por superficie ocupada (con risco de viabilidade económica das cofrarías) e terán que pasar as embarcacións á 4ª lista, perdendo os permex de outras actividades, unha vía mais para a extinción da perca tradicional e o marisqueo a pé ou a flote.

Todas as concesións, ao remate ou de non cumpriren os rendementos mínimos, sairán novamente a concurso público e serán concedidas con discriminación que favorece aos mais fortes, xa que obriga a competir á xente do mar con multinacionais en criterios como maior solvencia económica, financeira e técnica.

Van privatizar o mar a favor das grandes empresas multinacionais.

A lei deseñada para implantar a peixicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso foráneas ou exóticas, que poderían acabar sendo invasoras do medio natural.

Para a implantación da peixicultura intensiva, a lei impulsa a acuicultura multitrófica integrada (AMTI), técnicas de monocultivo de peixe carnívoro (salmón, etc.) que utiliza especies extractoras (moluscos). Esta técnica busca reducir os niveis de contaminación xerados polas gaiolas de peixes co obxectivo de mellorar a súa imaxe pública na procura da aceptación pola sociedade e así favorecer a implantación e a ocupación das augas das Rías.

Para garantir a implantación dos obxectivos da lei, establécese un réxime sancionador represivo e desproporcionado.

A aprobación da lei e a implantación a escala industrial de gaiolas de peixes vai provocar diversos efectos negativos sobre o medio ambiente:

- Para producir un quilo de peixe precísanse entre 4 e 6 quilos de peixe salvaxe, o que via supoñer a depredación das pesqueiras.
- A contaminación das Rías está asegurada: excrementos e refugallos de peixes, de pensos, fármacos (vacinas, antibióticos) e produtos químicos (antiincrustantes, antiparasitarios), propagación de enfermidades e parásitos, etc. Contaminaranse as augas, afectarase á calidade e cantidade dos nosos recursos e deteriorarase a biodiversidade do medio mariño onde todos traballamos, que é patrimonio de todos os galegos/as.
- A contaminación de peixes e mariscos podería levar aparellada vedas “técnicas” ou a prohibición de actividades de pesca e marisqueo por razóns sanitarias.
- Asemade, a degradación do medio podería ter impacto directamente relacionado coas toxinas PSP, ASP e DSP.

Esta lei defende intereses alleos e vai perturbar a convivencia tradicional e harmónica dos sectores do mar: mariscadores/as, mariñeiros/as, parquistas, mexilloeiros/as etc.

O anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos interese das persoas que viven do mar en Galicia. Ningún sector do mar está conforme coa lei porque entende

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

que está deseñada para desmantelar os sectores produtivos primarios e empobrecerá as comarcas costeiras.

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:

- A calidade das augas do medio mariño
- O fortalecemento do tecido produtivo e o potenciamento das actividades primarias incentivando a cooperación con liñas de apoio ao desenvolvemento colectivo.
- A recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda, e polo tanto da oferta de produtos do mar de Galicia, sans e naturais.
- O incremento do valor engadido dos nosos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fóra.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Galicia temos solicitado á Consellería do Mar a retirada do anteproxecto da Lei de Acuicultura de Galicia e propoñemos ao pleno municipal que acorde:

1. Que o Concello de Redondela en pleno rexeita esta lei
2. Que insta á Consellería do Mar á retirada o Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia
3. Que insta ao Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito proxecto de Lei de Acuicultura de Galicia

INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA manifesta o seu rexeitamento á lei por considerar que se trata dun sector estratéxico e considera que se está tratando de privatizar as Rías para implantar un sistema de cultivo industrial nas mesmas e desmantelar o tecido produtivo tradicional do mar, producindo unha grande contaminación. Tamén estima que a lei pode producir danos no caso de autorizarse a introdución de novas especies foráneas, e considera que coa mesma óptase por un modelo neoliberal que contribúe á privatización do sector pesqueiro.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que xa é habitual ver aquí, no pleno do Concello, ao patrón maior da cofraría porque teñen que moverse para defender os seus postos de traballo, dado que o goberno pon os intereses multinacionais e de partido en contra dos intereses do país. Cualifica o sector de “estratéxico” e di que o goberno do PP quere pór en risco as Rías, como acaban de facer co caso de ENCE ampliándolle a actividade ata o ano 2073. Indica que a lei non é de recibo e aínda que Feijoo ven de aparcala, o fixo pola presión social en contra, xa que o anteproxecto aprobouse no mes de outubro. Sinala que en Galicia hai ao redor de 4000 traballadores que poden ver ameazada a súa subsistencia para que isto pase ás grandes empresas que despois arrasan co medio e cos postos de traballo. Considera que a lei conseguiu unar a moitos sectores en contra e que este país depende moitísimo do mar.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo coa moción e co dito polos anteriores e están de acordo en limitar certo tipo de industrias que levan todo por diante e levan os beneficios fora e acadar o marisqueo e a pesca sostible.



Concello de Redondela

O concelleiro REGUERA OCAMPO felicita ao patrón pola súa emotiva exposición. Refírese ao que pasou en Redondela no ano 56 cando quixeron acotar parte da praia de Cesantes para pór un criadeiro de ostras, dando lectura a un texto no que se recolle que houbo unha insurrección popular e a xente impediu que fixeran o que pretendían ao grito de “mar libre”. Indica que ata as obreiras de Regojo facían quendas de vixilancia e, a pesares de que a represión foi bastante forte, tiveron éxito.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que despois da intervención do patrón maior hai pouco que dicir porque falou co corazón. Indica que o tema se prantexou, e dende o minuto cero, houbo acordo porque a Ría ten unhas particularidades moi especiais e cando a razón se impón, as cousas non van adiante.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as empresas queren instalarse aquí porque as Rías teñen un valor engadido e pretenden privatizar o mar. Estima que isto parouse porque a xente se mobilizou e hai unhas responsabilidades xa que o que se quere é rematar coa explotación sostible das ías. Considera que cada país debe ter poder de decisión sobre os seus recursos alimentarios.

O concelleiro CRESPO ABAL di que espera que os alcaldes dos concellos do PP lle esixan a Feijoo que retire a lei.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o proxecto hai que retiralo e non entende que o concelleiro de medio ambiente diga que hai que ir da man porque estiveron catro anos facendo o anteprojecto sen dicir nada e tampouco o Concello de Redondela informou de nada e pensa que nin sabían que existía, polo que lle alucina que nos concellos se vote en contra do proxecto por parte do PP.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que o voceiro socialista quere ter o seu minuto de gloria meténdose co PP e que tamén eles puideron enterarse a través dos seus deputados. Di que en canto se enteraron decidiron defender á xente que traballa nisto que é o importante.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, é aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 concelleira non adscrita).

9.3.2. Moción AER sobre a revisión salarios da corporación

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal AER o 23/01/2016 (RXE 873) que di:

“No pleno 2 de xullo do 2015, ao principio deste mandato, esta corporación aprobou a retribución que percibiría o alcalde de Redondela.

A nosa Agrupación, que tiña unha proposta inicial de 41.000 euros brutos mensuais en 12 pagas para ese salario, permitiu que finalmente se aprobara a proposta do BNG, de 45.000 euros, a cambio de reducir ás asignacións económicas aos grupos políticos; xa que para ese debate consideramos os gastos políticos como un conxunto, como unha cantidade global de gastos en cargos e grupos políticos. Así mesmo, sempre asociamos o salario do alcalde a unha ocupación completa ao servizo do noso Concello.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela

O pasado día 27 de novembro, Javier Bas foi nomeado deputado provincial, polo que agora o noso alcalde vai estar pendente de moitos asuntos relativos á Deputación e ao Partido Popular, que non teñen nada que ver coa actividade municipal nin co seu cargo de alcalde; deixando de ter unha ocupación total a Redondela como a que tivemos en conta cando se lle aprobou o salario que percibe das arcas do noso Concello. Tendo en conta todo o anterior, consideramos que a retribución que debe percibir Javier Bas do noso Concello tería que ser outra distinta da aprobada ao inicio do mandato.

Por outra banda, no pleno de novembro cuestionamos seriamente a competencia dun membro concreto do equipo de goberno, Arturo González, pedindo a súa reprobación en base á negligencia e ás graves faltas de xestión e atención coas obrigas das áreas nas que ten responsabilidade. Esta reprobación foi aprobada, xa que a maioría do pleno municipal manifestou que dito concelleiro non está a exercer debidamente as súas funcións. Dende AER consideramos que os concelleiros reprobados deben dimitir, e así o pedimos. Pasa o tempo e non vemos que o alcalde nin o seu equipo de goberno amose sinal algún de responder a esta petición da corporación. Entendemos que o señor Arturo González Barbeiro, concelleiro reprobado, non merece cobrar a retribución aprobada no seu día.

O pleno non ten a potestade de decidir os seus representantes na Deputación, nin potestade para obrigar a dimitir a ningún concelleiro; pero o pleno si que ten a potestade para fixar as retribucións do equipo do goberno.

En base a todo o exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1.- Establecer que o Alcalde-Presidente exerza o seu cargo percibindo unha retribución bruta anual de 27.500€ (en 12 mensualidades).
- 2.- Establecer que concelleiro Arturo Pérez Barbeiro exerza o seu cargo percibindo unha retribución bruta anual de 5.134€ (en 12 mensualidades)."

INTERVENCIONS

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que defende que un cargo público non pode cobrar máis de tres veces o salario mínimo, xa que considera que abonda para vivir polo que estima insuficiente a baixada. Tamén considera xusta a rebaixa con respecto ao concelleiro. Di tamén que o alcalde ameazoulle no sentido de que, se esta moción se aprobaba, íalle levar ao Xulgado por prevaricación.

O alcalde sinala que o único que lle dixo é que, como considera que é unha medida inxusta, a única alternativa que lle quedaría sería ir ao xulgado.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o tema das retribucións esperta moita expectación e sería fácil argumentar a favor da proposta. Consideran que non é o BNG o que vai facilitar a vida ao goberno de Redondela pero este conformouse dunha maneira determinada e consideran que o alcalde ten unhas responsabilidades, sexan da cor que sexa. Están dispostos a falar mañá sobre as retribucións do equipo de goberno xa que lle parece que tres liberados abondan. Pregunta qué pasaría se dentro de dous anos deixa de ser deputado provincial e se, nese caso, proporían unha suba da retribución. Non apoiaron no seu intre a proposta sobre retribucións porque se traicionou o proceso de negociación, pero se hai que falar falar disto e de máis cousas. Non apoian a proposta pero tampouco van votar en contra.



Concello de Redondela

O concelleiro ÁLVAREZ CASTRO di que o alcalde cobra por culpa de AER, xa que o resto dos grupos votaron en contra no seu intre e o mesmo pasa co concelleiro. Di que os socialistas xa avisaron que ían ir á Deputación e presentaron unha proposta máis baixa que a aprobada para o alcalde e os concelleiros, e coa abstención de AER aprobaron un incremento global de 50.000 € nas retribucións. Indica que xa saben o que teñen que facer posto que goberna quen goberna por culpa de AER, que non fixo caso de ningunha das súas advertencias.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que AER quere arrinconar a este goberno e refírese ao informe realizado polos servizos xurídicos e económicos do Concello, facendo do cargo do alcalde unha cuestión económica aínda que nada cambiou con respecto ao acordado no mes de xullo, xa que ten unha adicación exclusiva de máis de 1800 horas, que foron superadas con creces. Sinala que o alcalde está na Deputación representando ao Concello para asegurarse de que veñen a Redondela os servizos e recursos aos que ten dereito. Sinala que alí non ten competencias de goberno e non vai cobrar dous salarios xa que soamente cobra por asistencias e senón vai, non cobra. En canto á proposta sobre o salario do concelleiro é totalmente improcedente xa que pretenden que a pesares das súas responsabilidades de goberno cobren o mesmo que algúns concelleiros da oposición que non asisten a meirande parte das comisións.

O concelleiro CRESPO ABAL refírese ao informe e considera que soamente di que se o tema vai a xuízo, pode perderse o xuízo. Considera que teñen dereito a traer esta moción ao pleno aínda que sexa legal que o alcalde sexa tamén deputado provincial. Di que o Alcalde vai cobrar sobre 1.900 € por asistir este mes á deputación e están en contra das dobres percepcións. Di que hai outras sentenzas, aparte das que figuran no informe, e da lectura a fragmentos dunha relativa ao Concello de Celanova que se gañou e que de momento está ganada. Di que, ao seu criterio, é político e non están de acordo co que o alcalde vaia a cobrar cerca de 80.000 € ao ano, xa que non lles parece ético.

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que aínda que non poida ir a algunhas comisións logo trata de pórse ao día. Seguen na mesma liña de que non se pode cobrar máis de tres veces o SMI.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se o BNG considerara politicamente axeitada a estratexia de rebaixar o soldo, podería traela pero parécelle que hai que aceptar as regras do xogo democrático e están dispostos a falar de todo cando sexa necesario. Non está a favor de igualar por abaixo senón por enriba, para que as condicións sexan realmente dignas. Censura que o goberno se escude nos servizos xurídicos do Concello en vez de respostar politicamente. Considera que o alcalde na Deputación ten que defender aos veciños e veciñas da provincia.

O concelleiro ÁLVAREZ CASTRO di que o alcalde de Nigrán é deputado provincial e non cobra do Concello. Insiste en que AER cambiou de criterio e non o entenden por qué agora deciden rebaixar o que permitiron que se aprobara en xullo, cando o resto dos grupos da oposición se posicionaron en contra. Lembra que Redondela quere un goberno de esquerda, pero por AER goberna a dereita. Anuncia que van absterse.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que Pablo Iglesias vai cobrar 107.000 € ao ano e iso non é tres veces o SMI. Di que o alcalde non veu a gañar diñeiro senón que, se consultan as declaracións da renda do mesmo, poden comprobar que gaña menos aínda coa deputación, aínda que sexa porque quere. Insiste en que queren facer unha desviación de poder cando poden presentar unha moción de censura e demostrar qué

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Concello de Redondela
política distinta á deles farían.

O concelleiro CRESPO ABAL di que no 2011 eles abstivéronse, pero o PSOE aprobou un salario do alcalde de 55.000 €. Se quixeran facer unha moción de censura a farían pero non lles parece ético que complementen o seu salario cun cargo de deputado.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción rexéitase, sendo o resultado da votación cinco votos a favor (4 de AER e 1 da concelleira non adscrita) e nove votos en contra (9 do PP) e sete abstencións (6 do PsdeG-PSOE e 1 do BNG)

9.3.3. Moción do BNG sobre a situación xulgados de Redondela

ANTECEDENTES

Moción presentada polo BNG o día 22/01/2016 que se transcribe a continuación:

“O partido xudicial de Redondela comprende aos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Soutomaior e Redondela. Para dous xulgados de primeira instancia e instrución desenvolven a súa actividade 15 funcionarios e funcionarias, un secretario e unha secretaria e un xuíz e unha xuíza pode atender potencialmente a algo máis de 40000 cidadáns e cidadás. Xunto a todo isto, dende o propio xulgado, débese atender aos casos de violencia de xénero.

Nos últimos días tense denunciado a sobrecarga destes xulgados, acumulándose os expedientes de xeito desproporcionado. A situación agrávase por mor de varias baixas de funcionarios e funcionarias que non son cubertas pola administración de xustiza: A Xunta de Galiza.

Todo isto repercute na calidade da atención aos veciños e veciñas do partido xudicial.

Tal como se ten denunciado, o persoal non é suficiente para atender as demandas cidadás, excesiva ralentización no procedemento de cobertura de baixas, polo que os expedientes seguen acumulándose, sobrecarga de traballo... Namoradas, os cidadáns que demandan unha atención de primeira calidade da administración de xustiza, véñese na obriga de agardar moito máis do razoable.

Cómpre recordar que a tramitación dos expedientes, deben seguir un determinado procedemento, marcado regulamentariamente. Deste xeito, os cidadáns e cidadás e os seus representantes legais (avogados/as, procuradores/as) non teñen máis recurso que agardar pacientemente a que o tempo lles permita seren atendidos polos xuíces e xuízas correspondentes.

Por outra banda, o partido xudicial de Redondela continúa unicamente con dous xulgados, sendo un dos de menor dotación do sur da provincia de Pontevedra. A dotación dun novo xulgado permitiría unha atención máis acaída ao volume de asuntos que se xeneran.

Novamente a calidade dos servizos públicos volven estar en solfa por parte dos gobernos do Partido Popular. A Xunta de Galiza, como administración sobre a que recae a competencia de xestionar a xustiza no noso país, volve facer deixación de funcións. A administración de xustiza, equitativa a todos os cidadáns e cidadás constitúe un dos piares dun sistema verdadeiramente democrático. Mais para consolidar dito pilar débense asignar os recursos suficientes para garantir unha xestión

Concello de Redondela



Concello de Redondela

eficaz de todo o sistema. Compete á Xunta de Galiza garantir a máxima calidade nos recursos necesarios.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita o debate do pleno da corporación de Redondela e a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o alcalde de Redondela se dirixa á vicepresidencia da xunta de Galiza coa fin de negociar a dotación de maior persoal en cada un dos dous xulgados existentes.
2. Que o alcalde de Redondela emprace á Xunta de Galiza a que estude a posibilidade da creación dun terceiro xulgado.
3. Que se remita o presente acordo a todos os grupos políticos con representación do Parlamento galego.

INTERVENCIONS

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que cos recortes téndese nos últimos anos á privatización dos servizos públicos. Consideran que o persoal dos xulgados é insuficiente e están de acordo coa moción.

A concelleira REY GÓMEZ di que os xulgados galegos están colapsados e o de Redondela estaría de acordo cun informe no 5º lugar dos máis colapsados de Galicia. Indica que non se cobren as baixas e pola implantación da aplicación telemática para a supresión do papel o primeiro día en que se puxo en práctica colapsouse o sistema durante tres horas. Considera que o PP está a recortar a xustiza e os cidadáns non confían nela.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que no xulgado nº 2 a plantilla está cuberta e no nº 1 se está á espera dunha substitución, xa que a que a substituta cambiou de destino. Están dispostos a apoiar a moción cunha emenda: *que o Concello de Redondela se dirixa á Xunta de Galicia co fin de que se estude no seo da comisión mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por unha banda a maior dotación de persoal dos xulgados existentes, e por outra, a posible demanda ao goberno central de creación dunha nova unidade xudicial.*

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o que pretende a moción é debater no pleno a situación dos xulgados de Redondela e outra cousa son as fórmulas que se vaian a artellar. Sinala que hai negociacións sindicais demandando un novo xulgado en Redondela e considera que o alcalde debe liderar ditas negociacións e acadar que os procesos para cubrir as baixas sexan máis áxiles e rápidos. Sinala que os expedientes atrasados van tardar seis meses para pórse ao día e os prexudicados son os cidadáns. Non acepta a emenda do PP.

A concelleira REY GÓMEZ di que en asuntos civís a sobrecarga é do 56% no xulgado de Redondela.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o único que piden é que se utilice a canle formal que é a comisión mixta e sinala que en penal non hai sobreesaturación.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non se prantexou a cuestión da emenda na xunta de voceiros e que o PP quere eliminar partidos xudiciais e integrar o de Redondela en Vigo e o alcalde ten que defender que se manteña.



Concello de Redondela

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción anteriormente transcrita a votación, resulta aprobada por doce votos a favor (6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e nove abstencións (9 do PP):

Explicación de voto. A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo co fondo e sobre todo co punto 2 pero consideran que non se debe instar algo a quen non ten competencia.

9.4 Rogos e preguntas

Preguntas presentadas por AER o 27/01/2016 con número de rexistro de entrada 1062:

9.4.1.Sobre o arranxo de camiños

“No seu momento, no pleno do 5 de xuño do 2014, AER presentou unha moción na que se propoñía o seguinte acordo:

“Realización dun plan xeral de arranxo de camiños e vías interiores das parroquias, no que se priorice, como condición indispensable para a intervención, o establecemento dos aliñamentos (retranqueos) necesarios e o establecemento das beirarrúas ou zonas de tránsito cun ancho seguro para os peóns, cando ditas vías sexan usadas por automóviles. Terase máxima prioridade naquelas vías que deixen espazo para carrís bici ou uso exclusivo de vehículos sen motor.”

Dita proposta foi rexeitada cos votos en contra do PP e do PSOE. Vistas as demandas continuas que estamos a recibir desde diferentes colectivos veciñais e entendendo que debería haber uns criterios para solucionar estes problemas, PREGUNTAMOS:

Que criterios de actuación segue a concellería de Vías e Obras e/ou Urbanismo respecto da tarefa de mantemento e mellora destes camiños/vías interparroquiais?”

A concelleira BARCIELA BARROS di que están a seguir os criterios derivados das demandas dos veciños e dos consellos parroquiais así como ampliar camiños onde os veciños ceden e non hai problemas.

9.4.2. Sobre as subvencións da deputación

“Tendo en conta o novo procedemento para acceder ás subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra nas cales se solicita a presentación de proxectos de diferente tipo, e dado o carácter minoritario do grupo de goberno, preguntamos:

Ten pensado o alcalde someter á consideración dos demais grupos da corporación as prioridades e criterios cos cales se van elixir os proxectos para os cales se van solicitar as subvencións convocadas pola Deputación Provincial de Pontevedra?”



Concello de Redondela

A concelleira AMOEDO DASILVA di que teñen xa clarificadas as actuacións a propor e darán conta ao resto dos grupos e dos consellos parroquias. Están abertos a que poidan facer suxestións ao respecto.

Preguntas presentadas polo PsdeG-PSOE o día 27/01/2016, con números de rexistro de entrada 1065 e 1066 respectivamente, que din:

9.4.3. Sobre o reparto de xoguetes de Nadal

“Segundo o publicitado tanto en prensa como en caraces impresos polo goberno municipal popular do Concello de Redondela, se recollerían xoguetes dende o 11 de decembro ata o 2 de xaneiro no Multiusos da Xunqueira (horario de mañá e tarde) e no Multiusos de Chapela (horario só de tarde).

Pero ao persoarse os veciños e veciñas tanto pola mañá coma pola tarde do sábado 3 de xaneiro, atopáronse con ditos puntos pechados.

Polo exposto, presentamos a seguinte pregunta ao alcalde:

Sendo unha campaña tan importante dos Servizos Sociais do Concello de Redondela, por qué estaban pechados ditos puntos de recollida de xoguetes e tiñase organizada a apertura dos Multiusos, tendo en conta as vacacións do persoal do Concello de Redondela?

A concelleira AMOEDO DASILVA di que foi unha campaña que se fixo por primeira vez e que tivo moitísimo éxito . Di que se deu por cumprida a campaña e incluso sobraron algúns xoguetes para necesidades puntuais. Admite que houbo problemas para abrir algún día por ausencias dos conserxes pero despois solventouse.

9.4.4.Sobre a marquesiña de Trasmañó

O 24 de setembro de 2015 o pleno do Concello de Redondela aprobou unha moción do PsdeG-PSOE Redondela na que se invitaba á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que o transporte educativo recollera ao alumnado que actualmente vai ao IES Chapela na marquesiña que xa está habilitada no camiño da Fenteira, como xa se fai así co alumnado dos CEIP Igrexa e CEIP Angorén.

Tras catro meses a situación dos alumnos segue sen cambiar, tendo que estar a percorrer un quilómetro por unha zona á intemperie dunha estrada sen luz, onde non hai un núcleo de vivendas preto , o que fai que a zona sexa de risco para os menores, debido a que no inverno esa zona está ás escuras e teñen que estar no centro ás 8:30 horas.

Polo exposto, presentamos a seguinte pregunta ao alcalde:

Que contestación se ten por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ademais do recibo do rexistro de entrada de dita solicitude e que trámites se fixeron dende o goberno municipal do Partido Popular do Concello de Redondela para obter resposta de dita administración?



Concello de Redondela

A concelleira PARÍS BLANCO di que a Consellería respostou que non se poden aumentar as paradas.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e trinta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-